TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº19 · xullo-setembro 2012 1€

Neste número:

Editorial: Privatización sanitaria e copago.

Actividades do Ano Añón.

A depuración de mestres de Outes (II).

Evocación do Dr. Esperante.

Roteiros: Do Freixo a Fisterra.

Economía: A esperanza francesa.

Deportes: O Outes ascende a 2ª Autonómica.

Medioambiente: O merlo rieiro.

e as nosas seccións habituais...

Entrevista a XAR GARCÍA

Editorial

Hoxe digo non... e maña digo si (ou non)

Dixen que non ía rebaixar as pensións... Rebaixeinas. Dixen que non ía subir os impostos, "que é de esquerdas"... E subinos. Dixen que non ía tocar a Sanidade... Recortei 7.000 millóns de euros. Dixen que non ía tocar a Educación... Recortei 3.000 millóns de euros. Dixen, dixen, dixen... e o que fago nada ten que ver co dito e prometido na campaña electoral. E non só iso, tampouco ten nada que ver co propio programa do Partido Popular.Que vai pasar nas próximas eleccións autonómicas en Galicia? E se volve gañar o PP, que non farán, en contra do pobo traballador, e contra d@s mais desfavorecid@s, e en beneficio das grandes fortunas do estado español. No tema do recorte sanitario, xa non se pode facer tanto dano como está a facer a Consellería de Sanidade. A privatización é algo que xa está en marcha, e parece imparable se o PP segue gobernando este país. Unha mentira repetida moitas veces, non se converte nunha verdade ("non privatizaremos o Hospital de Vigo", mais están invertindo nel 1.300 millóns para que, unha vez feito, a privada se faga cargo del, cando co bipartito se orzamentou en 300 millóns e todo público). Esta política de desmantelamento do estado de benestar, que nos demos tod@s @s galeg@s, temos que parala. Non podemos consentir que existan cidadáns de primeira (os que teñan cartos para pagar a sanidade) e cidadáns de segunda. Que teñan que pagar, @s pensionistas, ata 8 euros ao mes as medicinas que consuman, non é de recibo (é unha forma encuberta de rebaixarlle as pensións, que xa son as máis baixas do estado español). Que teñamos que pagar servizos de hospitalización, non é xusto, cando a Sanidade xa a pagamos cos nosos impostos. Non sería un COPAGO, sería un REQUETEPAGO. Como é posible que se destinen nunha semana 7.500 millóns de euros para salvar a desfeita de Rato e de Bankia, e na mesma semana se saquen 7.000 millóns do orzamento anual da Sanidade?... Se non temos cartos para Sanidade ou Educación, como é posible telos para quebras fraudulentas. Pero esta política ten responsables: Rocío Mosquera (vén da privada), conselleira de Sanidade; Pilar Farjas, ex-conselleira de Sanidade; Mariano Rajoy, presidente do goberno español; Núñez Feijoo, presidente do goberno galego. Eles son os que están levando a cabo esta política de desmantelamento do estado do benestar. A solución a todo este despropósito está na nosa mán. Non chega con ir votar cada catro anos. Iso é importante, pero no día a día, temos que facer tamén de controlador@s do que fan @s nos@s polític@s. Están nos gobernos, PARA SERVIRNOS, non para servirse de nós, coa coartada das eleccións cada catro anos. Teremos que pensar moito a quen lle damos o noso voto, e o que fan con el. Servizos básicos como o dereito á Sanidade: PÚBLICA, UNIVERSAL E GRATUITA, recoñecidos na nosa Constitución, non poden ser eliminados por persoas que só miran a rendabilidade do que fan en época electoral e logo esquécense das persoas ás que representan.

Revista Subvencionada polo Concello de Outes

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 a 6
Miscelánea	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Evocacións	páx. 11
Roteiros	páx. 12
Economía	páx. 13
Deportes	páx. 14
Medioambiente	páx. 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redacción:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco
Edita:
A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.
Foto da portada:
Concentración popular na Serra o día da colocación da placa na casa de Añón. Ano 1935.

Suárez
panadería / taberna
Teléfonos: 981 76 95 16 / 981 76 93 08
PONTE NAFONSO - OUTES (A Coruña)

JOSEMA Seguros
Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Presentación da Revista nº 18

O pasado 21 de abril, a nosa Asociación levou a cabo no seu local social de Outes, a presentación dun novo número da revista *Terra de Outes*, que tivo lugar a continuación dunha comida a base de callos, preparados polo noso "chef" Xesús Mato, e filloas, elaboradas por Xastre.
Durante a sobremesa, Xoán Mariño, presidente da Asociación e membro do consello de redacción da revista, realizou o acto de presentación no que expuxo que esta publicación é o logro do que el se sente máis especialmente satisfeito, aínda estando moi orgulloso doutras realizacións como a restauración do Muíño Grabiel, a construción do monumento ás vítimas do franquismo do Freixo ou a edición do libro de poemas de Gonzalo Armán, porque, ademais da gran difusión que ten a revista, conséguese sacala adiante grazas á participación nela de gran número de colaboradores e colaboradoras que evidencian o grao de implicación do pobo de Outes neste froito maduro que cando comezou a saír, hai xa catro anos e medio, era xuntar un soño .

Ano de Añón

Van cobrando forma as propostas realizadas ao comenzo de ano pola nosa Asociación, o Concello e as diversas entidades culturais e educativas de Outes para a conmemoración do Bicentenario de Francisco Añón e así, o coordinador do Ano de Añón e presidente da A.C.C. Terra de Outes, Xoán X. Mariño, expuxo en rolda de prensa, celebrada no salón de plenos da casa consistorial o pasado 14 de maio, a serie de actividades xa concretadas para levar adiante a celebración con toda a dignidade que se merece o noso poeta. Estas son:

1. Edición de libros:
   - *Biografía e antoloxía de Francisco Añón*, da editorial Galaxia, por Ramón Blanco.
   - *Poesías galegas de Francisco Añón*, editado pola Deputación da Coruña (reedición do publicado pola Real Academia Galega con ocasión da dedicatoria do Día das Letras Galegas do ano 1966 a Añón).
2. Documental *Francisco Añón. O poeta na súa terra*, a cargo de Óscar Sendón e Juan Silva.
3. Edición dunha páxina Web adicada ao bicentenario do poeta, que se presentará en xullo.
4. Gravación discográfica con poemas de Añón musicados por:
   - O Director da coral de Outes, Domingos Barreiros.
   - O Director da banda municipal, Manuel Blanco.
   - O Cantautor X. Manuel Vázquez, *Xastre*.
5. Unha exposición sobre o noso escritor elaborada por Santi Nieto, Ramón Blanco e Pilar Sampedro.
6. Concerto das corais de Outes, a banda municipal, Xastre e algúns outros intérpretes por confirmar.
7. Teatro, representado polo grupo dramático da A. C. *Sueiro* de "O borracho e o eco".
8. Recitais dos poemas de Añón a cargo dos escolares outenses.
9. Certame de pintura escolar sobre a figura do noso insigne escritor.
10. Realización dun retrato do poeta polo recoñecido artista Alfonso Costa.
11. Curso de verán, os días 11 a 22 de xullo, con conferencias, roteiros literarios, contacontos e *performances*.
12. Congreso, na Cidade da Cultura de Santiago, os días 4 e 5 de outubro, coa colaboración da Consellería de Educación e Cultura, e participación de destacados investigadores e profesores das tres universidades galegas.
13. Xornadas conmemorativas, os días 6 e 7 de outubro na Casa da Cultura da Serra, nas que se presentarán publicamente:
    - Os libros, o documental, o retrato e a gravación musical anteditos.
    - Un número extraordinario da revista *Terra de Outes*, adicado integramente a Añón.
    - A exposición de pinturas realizadas polos escolares de Outes.
14. Acto solemne, o 9 de outubro, día do 200 aniversario do nacemento de F. Añón, para clausurar os actos do bicentenario, coa presenza do Presidente da Xunta de Galicia ou o conselleiro de Educación e Cultura, na súa representación, o Presidente da Deputación da Coruña e o Presidente da Real Academia Galega.

Apuntamentos

Mingucho Campos

Acabo de ler un opúsculo da editorial *Toxosoutos* (edición de Clodio González Pérez, 1ª edición de abril de 2000) no que se transcribe un texto autógrafo de Eugenio Reguera Pardiñas, de data 28 de marzo de 1855, titulado ***Una visita al priorato antiguo del Tambre***. Deste texto eu quero salientar varios aspectos para coñecemento xeral e dado que me veño ocupando de estuda-los foros (algúns) da parroquia de Outeiro (S. Cosme).

Nesta ***descripción detallada de la ría de Noya*** (cita textual) fálase de que fronte ás Saíñas hai un gran seo elíptico que vai rematar preto da aldea da Serra de Outes (freguesía de S. Pedro) onde se celebra unha feira (lémbrese que na Serra se celebra unha feira nun domingo que non podía baixar do día 7 de cada mes e non supera-lo día catorce do mesmo, mentres que o denominado *feirón* celebrábase o luns seguinte ao derradeiro domingo do mesmo mes). Calquera cunha idade determinada e suficiente memoria pode lembrar estes sonados e fermosos acontecementos, e o xeito de celebralos que tiña a rapazada daqueles tempos, osmozos e mesmo os maiores, incluíndo a degustación dos callos do Coxo e do Xira; os cocidos da Casa do Viro, de Enrique da Capilla, as tabernas de Padú, Carola…. Por non falar dos pingües beneficios económicos que reportaban para a veciñanza naqueles tempos de abondosas carencias para toda a contorna. Toda a actual Rúa da Vila, ateigada de postos de mercadorías varias; a feira das vacas e a dos porcos; greas de xatos baixados dos montes de Banzas, conducidos con destreza polos gandeiros a cabalo. En definitiva, toda unha festa, compartimentos varios. Todo un compendio. Tal era a importancia destes dous acontecementos, que nos *feiróns* as escolas pechaban, os nenos desfrutaban e os maiores, pois, tamén. E cando os donos baixaban ás feiras os sementais, xa maiores e ben mantidos, dos postos de cubrición das xuvencas, de Roo e Sarnón, aqueles eventos gañaban en grandeza. Todo un luxo, grandeza, si, e, asemade, admiración, tamén.



Que fermosa é a enseada (segue a descrición). Fórmana territorios outos, con boa altura, aldeas, e paisaxes dignas de ben destros pinceis. E unha das aldeas é Albeida, pertencente á freguesía de Outeiro, desde onde se pode contemplar unha das panorámicas máis fermosas da ría e que ten, entre outras, unha punta coñecida pola veciñanza coma a punta de Rates. Aquí é onde, cuxamente, me quero deter e transcribir literalmente o epígrafe do opúsculo.

"Dicen que proviene del latín Rate Rates, lo que significaba barquilla; el idioma Gallego es hijo de aquella lengua sabia; pero lo tenemos en tan poca valía como a las demás cosas de mérito que abundan en nuestro país. Nos desdeñamos de hablarlo, y es más dulce y sonoro que el castellano, nuestra desidia hace que no poseamos una Gramática y un diccionario; más avisados los Portugueses, tienen estos indispensables elementos del lenguaje, y no carecen de ellos los Vizcaínos y Catalanes, amantes de su país e idioma".

Coido que este epígrafe tennos que levar a algunha reflexión, inda que sexa século e medio despois. E esa reflexión non é outra que **o noso conta e conta moito, inda que outros non saiban, non queiran ou non poidan recoñecelo. O principal signo de identidade da nación galega é esa creación colectiva que coñecemos coma idioma: o Galego. Cuxamente, estes meses a Real Academia Galega acaba de facer pública a edición (a segunda) dun diccionario con máis de 50.000 entradas. Todo un fito histórico, malia o tremendo tesoirazo sufrido na asignación do Estado pola Institución.**

Segue a descrición dicindo que a ermida de S. Martiño de Rates dependía do mosteiro de Toxosoutos e estaba obrigada a paga-los correspondentes foros (algúns deles xa tratados

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

N O I A

noutras publicacións desta revista) e que nalgúns días festivos (feriados, como recolle o documento) achegábase un freire do mosteiro a celebrar misa e administra-los oficios relixiosos. As defuncións pertencían á igrexa parroquial, máis concretamente, ao seu titular. Eu, inda que son leigo, decátome do que isto significaba. Cómpre lembrar que entre as quince igrexas que posuía o devandito mosteiro dúas estaban ubicadas en Outes: S. Martiño de Rates, na freguesía de Outeiro e a ermida de Nosa Señora en Ponte Nafonso, Cando.

Tamén se fai referencia nese documento á Pedra Serpal, que se ergue no monte de Cando, máis coñecida na linguaxe popular coma "Pedra do Berbeo". Unha das marcas terrestres pola que se orientaban os mareantes en ausencia de cartas mariñas.

Pero, hai outro documento ou texto tamén autógrafo, da autoría de Alberto Campero, no que se fai alusión á freguesía do Freixo (Sabardes). Nel afírmase que tiña: ***"Un Priorato Benedictino, filiación de San Martín de Santiago"; hai en ella establecimientos de salazón de Sardinas, creados en este siglo*** (XIX) ***por familias catalanas"***.

Nun epígrafe descríbese a parroquia de Sabardes deste xeito: ***"La parroquia es rural, titulada feligresía de San…*** (trátase de S. Xoán) ***de Sabardes: el prior era párroco de ella y recaudaba sus rentas que se extendían hasta Santa Marina do Obre, cuyo coto era suyo con obligación de componer el presbiterio, obra Bizantina de sus primeros tiempos. El Priorato de Sabardes dicen que en un principio era Monasterio del Orden de San Benito que después se refundió en San Pelayo de Antealtares, de Santiago; el Freijo es puerto chico, habitado por catalanes que tienen allí varios establecimientos y almacenes para la salazón de sardinas y depende de la feligresía de Sabardes".***

Ocupareime deseguido da Illa da Creba, ou Quebra (como prefiras). Nárrase neste texto autógrafo que esta illa pertencía á freguesía do Freixo e que no máis outo da mesma existía unha capela da que se extraeu a imaxe dun santo de pedra, que se levou para a igrexa parroquial de Sabardes. Nos terreos adxuntos á mesma construíuse unha casiña-habitáculo do santeiro, que despois serviu de atalaia dun vixía. A illa, segundo Alberto Campero, era propiedade dun labrador do Freixo, coñecido como ***Jerpe,*** quen tiña alí gando cabalar e vacún.

Lembras, meu querido lector, aquela expedición reconquistadora desta illa capitaneada por un alcalde de Noia, de nome Pastor Alonso, nas décadas dos anos 90 do século pasado e en que ficou aquela toleironada?

A DEPURACIÓN DOS MESTRES DE OUTES (II)
O desterro de Don Manolo do Rato

Xoán Francisco García Suárez

"…por estas y otras razones
al fin triunfó el buen criterio
y al terminar el invierno
le relevaron del puesto
y ahora las buenas gentes
tienen tranquilo el sueño
porque han librado a sus hijos
del peligro de un maestro".
(Patxi Andión, de "El maestro")

Comentabamos no número anterior desta revista o ensañamento que os protagonistas do levantamento militar de 1936 protagonizaron contra o colectivo de mestres e ensinantes. No que se refire ao Concello de Outes faciamos mención a D. Víctor Manuel Blanco García (1902-1977), un home que nos tempos previos á transición acostumaba ir polo Bar Molinos (O Gaito), lugar onde tiven ocasión de coñecelo pola súa amizade co meu pai, aínda que eu non pasaba dos 9 ou 10 anos. Lémbroo con chapeu, barba branca e de traxe.Pois efectivamente foi así, tal e como revelan os documentos que compoñen o expediente nº 678 da Comisión Provincial de Depuración, custodiados no Archivo General de la Administración.D . Manuel Blanco –coñecido como Don Manolo do Rato–, en 1936 era mestre en Cruceiros (S. Ourente) e pouco despois do golpe militar foi obxecto dunha penosa persecución. O calvario que sufriu esta persoa comeza cun informe datado o 2 de xaneiro de 1937, polo garda 2º do posto de Outes Manuel Morgado Costa, quen sorprendentemente confirma a boa conduta profesional e social, así como a súa vida particular, non constando a pertenza a ningunha organización política. Uns días despois, o daquela Alcalde de Outes, D. Juan-Benito Tuñas Paz redacta outro informe en termos semellantes. Os informes ían dirixidos ao *Presidente de la Comisión Depuradora del Magisterio de La Coruña.* O día 8, o párroco de San Ourente D. Manuel Pérez Figueroa, escribe o seu e, a pesar de que recoñece a boa conduta profesional de D. Manolo, así como a súa humildade e trato agradábel e bos costumes, afirma que *"unos compromisos de familia lo hayan puesto enemigo",* e continúa dicindo *"fue arrastrado por elementos izquierdistas, flaqueó un tanto y votó con ellos…, de lo que está arrepentido".* Este informe do cura será determinante para a decisión posterior das autoridades franquistas. Pero tamén resulta curioso un novo informe emitido outra vez polo Garda 2º tan só dez días despois do primeiro, é dicir, o día 12. Nesta ocasión o garda civil afirma que o mestre era *"afiliado al Frente Popular solamente con carácter de simpatizante"*. É evidente que, en dez días algo fixo cambiar de criterio á Garda Civil e redactar un novo informe, esta vez tan determinante como o do párroco.

Xa en 1939, concretamente o día 13 de xaneiro, a Comisión de Depuración continúa o seu cometido e solicita informes a un veciño de S. Ourente, Manuel Alvite Vieites, quen lle contesta en escrito datado o 19 que nada ten que dicir da súa conduta e profesionalidade, se ben fulminantemente afirma*"fue del partido de las izquierdas".* Así as cousas, uns días máis tarde, a Comisión de Depuración presenta prego de cargos contra D. Víctor Manuel Blanco García, acusándoo dos "delitos" de *"Ser simpatizante de las Izquierdas"* e *"Haber votado a las mismas en las elecciones de febrero de 1936"*, dándolle dez días para facer alegacións e presentar documentos no seu favor. O 6 de marzo de 1939, Don Manolo presenta alegacións acompañadas dun informe no seu favor do Alcalde Joaquín Castro Nieto. Seguramente atacado polo medo a perder a vida diante dun paredón ou pensando no futuro que lle agardaba tamén á súa familia, ou as dúas cousas, D. Manolo alega no seu escrito que nunca pertenceu, nin simpatizou, nin votou á esquerda. Sen embargo, uns días despois, a Comisión de Depuración dirixe escrito ao *Xefe do Servicio Nacional de Enseñanza,* no cal propón que o expedientado *"no logra desvanecer los cargos imputados y mereciendo a ésta Comisión más crédito lo afirmado por el párroco y padre de familia que los otros informantes y considerando conveniente el traslado el expedientado para darle facilidades para rehacer su prestigio, que debió quedar un tanto quebrantado por su inclinación al izquierdismo, ésta Comisión por unanimidad acuerda proponer a V.I. que el maestro de S. Orente, en Outes, D. Víctor Manuel Blanco García, sea sancionado con el traslado a otra escuela".* Así foi, A Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración, acorda o 23 de abril propoñer o traslado dentro da provincia, coa prohibición de solicitar vacantes durante cinco anos e inhabilitación para cargos directivos e de confianza en institucións culturais e do ensino polo mesmo tempo. Finalmente, e con efectos do 1 de setembro de 1940, é trasladado a Camariñas. O 8 de setembro de 1941 o alcalde José Vidal Rúa certifica mediante escrito a boa conduta do mestre, e incluso *"que el relacionado, desde la implantación del Plato Único y Dia sin Postre, cobró voluntariamente y sin retribución de ningún género las cuotas correspondientes a su distrito escolar…, y contribuyó desinteresadamente a todas las suscripciones abiertas a favor del Glorioso Movimiento…".* Sen embargo o 10 de setembro do mesmo ano de 1941, o Xefe Local da Falanxe e primeiro alcalde franquista, Juan-Benito Tuñas Paz, envíalle ao Xefe Provincial da Falanxe, carta mecanografada, dando unha de cal e outra de area, é dicir: por unha banda fala incluso das simpatías de D. Manolo polo Réxime e por outra "… NO CONSTANDO SU AFECCION AL MOVIMIENTO…" (así, en maiúsculas). E outra vez aparece o contraditorio garda Morgado con outra certificación, nesta ocasión a favor do condenado, afirmando a súa ideoloxía independente e non coñecerlle actividade política anterior ao Glorioso Movimiento. Tamén en setembro de 1941 D. Manolo envía un arrepiante e emotivo escrito a Madrid no que suplica se lle revise o expediente e se considere o regreso a Outes, no que posúe *"algunas fincas rústicas, que producían casi lo necesario para las atenciones de subsistencia de su esposa y dos hijos de corta edad, fincas que abandonadas nada ya producen, agravando ésta situación las frecuentes enfermedades que padecen sus hijos por su delicada naturaleza…".* Este escrito é acompañado dos tres últimos informes, pero é inútil, pois o *Juez Superior de Revisiones*, en marzo de 1942, confirma a condena a D. Víctor Manuel Blanco García. En xaneiro de 1944, un irmán de D. Manolo, Francisco, escribe ao Director General de Primera Enseñanza, que reconsidere a sanción alegando a penuria da súa familia e á delicada saúde dos fillos, dado que a situación económica lles impide o desprazamento e que por prescrición médica lles coveñen o clima de montaña. Foi inútil, o mestre faría cumprir toda a súa condena e non voltaría a Outes ata 1945. Esta realidade pon de manifesto a crueldade duns individuos armados, que sen ningún tipo de criterio pedagóxico nin moito menos humano, condenaron a un mestre e á súa familia só polo sorprendente feito duns "delitos" denunciados por un cura e un veciño –quen curiosamente tiveron máis influencias nas altas instancias franquistas que as propias autoridades locais, Falanxe incluída– para determinar tan humillante veredito. Sirvan estas letras para un sentido recoñecemento a este veciño vítima do franquismo, e unha fonda aperta á súa familia, especialmente ao seu fillo Lolito.

GASTRONOMÍA

Carpaccio de Solombo
Cortesía de Kati Romay

Ingredientes (2 persoas):

- 250 grs. solombo cru semi-conxelado
- 50 grs. queixo curado
- Sal
- Pementa negra
- Zume dun limón
- 3 culleradas de aceite de oliva

Elaboración:

1. Laminar moi fino o solombo.
2. Relar o queixo.
3. Facer unha salsa batendo o sal, o zume, a pementa e mais o aceite.
4. Botarlla sobre a carne e logo o queixo por riba.

Cruceiro da Canle

O pasado 29 de xuño, día de S. Pedro, patrón da parroquia de Outes, inaugurouse con toda solemnidade o *Cruceiro da Canle*, un elemento patrimonial de moita antigüidade restaurado pola Asociación de Veciños, que decidiu emprazalo na explanada próxima á igrexa. Un motivo de orgullo para eles e para Outes. Un exemplo para todos.

CARTAS AO DIRECTOR

ROUBOS

Rebólenme inda nos miolos, malia o paso do tempo, algunhas daquelas ideas debulladas polo miúdo sobre a natureza dos bens da biosfera por ese prócer, ese personaxe de tan gran prestixio, erudición e relevo que é, sen dúbida, *Xosé Manuel Beiras Torrado*, quen amais exerce acotío de galego, naquel extinto xornal publicado integramente na lingua propia, *Galicia Hoxe.* Mais, que son os bens libres e os bens económicos? Imos ver. Denantes cómpren dúas preguntas: o ar é un ben libre ou económico?; e a auga? A iso vou dar, creo, cumprida resposta. Segundo o profesor Beiras os bens económicos adoitaban definirse polo principio da escaseza para satisfaceren as necesidadades humanas. Dúas son, xa que logo, na miña modesta opinión, as características destes bens: as necesidades humanas e a escaseza.Galicia é un país singular, un país de múltiples regatos, ríos e mananciais. Un país abondoso en augas. Un país de choivas e escorrentías. Un país no que as regas non son case precisas, agás en xeografías do territorio moi concretas e para as que houbo e hai sempre numerosas solucións. As galegas e os galegos fomos sempre quen de procurarnos este ben necesario e imprescindíbel, mesmo os de Outes. Aí están as conducións de augas comunais, os peiraos, os muíños en man común, etc. Pradais, herbeiras, brañas, lameiras, corgas rebordando auga, cañeiras… A auga, en tempos, era un ben libre. Agora é un ben económico. Un ben polo que hai que pagar! E por que? A solución ao remate deste artigo. Imos falar denantes do ar. O ar é imprescindíbel para a vida humana. Mais as choivas acedas dificultan e en moitos casos imposibilitan a vida -non só humana, a vida animal, vexetal, paisaxística- e covértense en contaminantes. Mais, emporiso, deixa de ser un ben de natureza libre o ar, ou non? Fica claro que tanto a falta de auga coma a contaminación da biosfera é unha indubidábel consecuencia dos seres humanos. E disto, quen se aproveita? Os recadadores/depredadores dos bens libres: os políticos que procuran o seu benestar a custa dos demais. Conclusión: a auga é un ben libre, que se tornou en ben económico pola codicia dos políticos. O ar é igualmente un ben libre. Esperemos que aos políticos non se lles ocorra instalarnos un mecanismo de medición do que inspiramos e expiramos!

Gundar Rial

ACTIVISMO CULTURAL

Que significou Escarabello para Outes?
Esta Asociación, fundada con compañeiros e amigos como Xurxo Sacido, Henrique Fuentesia, Vicente Blanco, Rafael Fontenlos, Eladio Lores e Manuel Carlos Barreiro, caracterizouse polo seu compromiso galeguista e, ao mesmo tempo, combativo coa desidia e abandono do panorama cultural no concello. Daí xurdiron xornadas de cine, exposicións de fotos antigas (coa impagábel axuda de Mari Ramos), edición dunha revista mensual, recuperacións de costumes e xogos populares (o magosto, o trompo), teatro (da man de Eladio Lores), reivindicación da figura de Añón…, e contribuíu dalgún xeito a que a sociedade outense vise o combate no ámbito cultural como algo normal. Pódese afirmar que iniciamos unha "transición".

E que hai da túa faceta como escritor?
Colaborei en diferentes publicacións de ámbito comarcal: periódico *Barbanza* (1989-1991); revista *A Motora*, fundada por Pepe Agrelo e editada en Esteiro (1993), arredor da cal xurdiu o Colectivo Espiral (con Santi Nieto, María de S. Lourenzo e mais eu); revista *Alameda*, do Liceo de Noia; *Casa da Gramática*, do IES Virxe do Mar, de Noia; *O Confidencial de Entrerrías*; suplemento *Barbantia*, de *La Voz de Galicia*; e na actualidade fágoo habitualmente para a revista da A. cívico-cultural Terra de Outes, da cal son membro fundador. O sempre recordado amigo Xosé Agrelo fixo que se publicara o meu libro de poemas *Fuxida no solpor e 12 poemas*, que acadara o primeiro premio "Domingo Antonio Andrade", de Cee (1993). Tamén son autor do libro *A Carpinteria de ribeira e os estaleiros no Concello de Outes* (2008) e de *Efemérides de Outes* (1999), nesta ocasión en colaboración con Xoán Mariño. Tamén colaborei no libro *Noia Ribeira do mar enxoito*, que publicou a Sociedade Liceo de Noia para conmemorar o seu 75 aniversario.
Lamentablemente non teño moito tempo para escribir, pero sácoo de onde podo para investigar algo da historia local, á cal son un afeccionado, como á Historia en xeral, que procuro ler en canto teño ocasión.

Acto de homenaxe a Añón organizado pola AC Escarabello. Centro Social da Serra, 1990. De dereita a esquerda: Ana Romaní, Fernando Bel, Avilés de Taramancos e Xan García.

Entrevista a Xan García

Xoán Francisco García Suárez (Serra de Outes, 1964) interesouse desde moi novo pola dinamización socio-cultural e pola política. Fixo estudos de Maxisterio e é Graduado Social pola USC. Foi fundador da A. Cultural Escarabello, de Outes, que presidiu entre 1988 e 1991. Nos oitenta traballou dous anos como tremoieiro do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Militante nacionalista, pertenceu á corporación municipal outense, entre 1991 e 1997 como concelleiro do BNG. Actualmente é secretario da Confederación Intersindical Galega (CIG) en Barbanza. Ademais de poeta, é autor de diversos traballos sobre temas históricos e políticos.

Que visión tes da crise?
Como todo o mundo, e sendo sindicalista, a visión que fago non pode ser máis negativa. Esta crise xerouse pola quebra do sistema financeiro e polo tanto non foi culpa dos traballadores, é dicir, da maioría social. É a consecuencia das políticas neoliberais, baseadas na especulación e na acumulación de capitais, cada vez en menos mans. Cando oímos dicir que a crise foi culpa "dos mercados", o que se pretende é eludir a responsabilidade das políticas que o permitiron. Todo o que está a acontecer é produto do entreguismo dos diferentes gobernos (no noso caso do PSOE e do PP) aos intereses da grande banca e dos grandes centros de poder capitalista (os mercados). En definitiva, o Estado caeu nos brazos do capital e deixou a súa capacidade de xestión e de decisión.

Que che parecen as medidas contra crise?
No que respecta á xestión, todo o mundo está a observar como ningunha das medidas serven para saír da crise. É unha gran mentira. Que teñen que ver os dereitos coa crise? Xustamente hai uns anos, cando había máis dereitos, o sistema "andaba ben" e había beneficios. Mira en Grecia: levan catro anos e foron a peor. O que está a acontecer cos recortes (sanidade, salarios e dereitos laborais, S. Social, ensino público, etc.), non é nin máis nin menos que a condena da clase traballadora a pagar algo do que non é responsábel. Curiosamente, cando houbo ganancias estas seguiron nas mesmas mans –precisamente para especular– e agora socialízanse as perdas, é dicir, pagámolas todos (menos eles). É unha verdadeira tomadura de pelo, con consecuencias gravísimas para a maioría social.
Até cando perdurará?
Non son visionario nin profeta, pero todo apunta a que isto non ten fin até que se cambie de modelo. Ao longo da historia demostrouse que ningunha crise se resolve con recortar salarios e dereitos. Con salarios baixos –ou sen eles–, paralízase o consumo e estáncase a economía. O diñeiro non circula. Hai que apostar por outro modelo socio-económico, no que se primen as políticas produtivas e se castiguen as especulativas e no que se faga inversión pública, co obxecto de xerar emprego, unha banca pública galega para incentivar os nosos sectores produtivos e unha política fiscal progresiva para que pague máis quen máis teña e, desde logo, mellorar os servicios públicos básicos (sanidade, ensino, etc.) e non deterioralos con recortes, pois iso faise intencionadamente para xustificar máis adiante as privatizacións. É un auténtico escándalo o que está a acontecer. A sociedade ten que apostar por un modelo máis xusto, máis igualitario e con acento no tema social.
Bankia... Reflexión?
Un exemplo ben claro do que veño de explicar antes. Unha vergoña. Como se pode consentir que, cos cartos de todos os contribuíntes, se lles regalen millonadas para paliar a desfeita que provocaron? En todo caso, e se iso ocorre, deberíase aproveitar para nacionaliar, non só Bankia, senón o resto dos grandes bancos. O Estado –sempre se dixo– somos todos e todas, pero o Goberno só entende isto para precisamente utilizar os cartos de todos e todas nós. Ah!… pero onde está o control do Estado no destino e utilización deste diñeiro? Vaise

seguir permitindo que fagan o que queiran? E mira ti que ilustrativo: nos cárceres do Estado non hai ricos!! Nin banqueiros!!

Críticas aos sindicatos. Cal é a túa opinión?

Vouche contestar como galego, con outra pergunta: todos os empresarios son malos? Todos os políticos son corruptos? Todos os curas son pederastas? Mira, o que acontece é que efectivamente os sindicatos de implantación estatal (CCOO e UGT) hai moito tempo que deixaron de ser sindicatos de clase, convertéronse en sindicatos do sistema. Pero non todos estamos aí, a CIG, os sindicatos vascos ELA e LAB, a CGT, e outros, temos demostrado o noso compromiso coa nosa patria e coa nosa clase traballadora, e a nosa integridade, con acertos e con erros, pero o que non imos facer é caer nas mans do sistema, porque este non é o noso sistema. A CIG non asina recortes nas pensións, nin compromisos de contención salarial, etc. Nós debémonos á nosa clase traballdora. Tampouco recibimos subvencións, nin as queremos. Así que non se pode xeralizar e meter a todos no mesmo saco. Sucede que cando hai críticas "aos sindicatos" hai xente que pensa que todos somos o mesmo, e os propios medios encárganse de facer crer iso. Pero mira, a folga de marzo pasado, por que tivo máis incidencia en Galiza e Euscadi que no resto? Os medios recoñecen iso, pero en letra pequena, e a CIG non aparece. Se eu che contara…

Temas máis locais. Como respira a bisbarra?

Mal. Moi mal. O único que salva algo é a industria conserveira e de transformación da zona sur de Barbanza, xunto cos recursos naturais da ría. O resto quedou varrido e o que queda está a varrerse. Houbo un descalabro total na construción, con moitos centos de parados, logo viñeron sectores dependentes como o de carpintería, aluminios, pinturas e decoración, almacéns de materiais e de mobles... unha cadea do que só quedan uns restos que sobreviven malamente. E o paro, evidentemente leva a consumir moito menos, co que o sector do pequeno comercio tamén sofre as consecuencias. É moi preocupante, e a medio prazo haberá que ver como afecta todo isto á xente nova, precisamente a xente máis formada, que quizais se vexa na obriga de protagonizar un novo éxodo.

Cantos trens perdeu Outes?

En Outes había moito que facer. Por iso o actual alcalde o tivo relativamente fácil para instalar certas infraestruturas necesarias. Agora ben, algunha iniciativa como poñer en valor algún sector como o forestal ou o marisqueiro, mediante a constitución de unidades de produción e transformación participadas con diñeiro e xestión mixta, puideron facerse. Non é unha utopía. Hai casos nos que se puxo en práctica e funciona perfectamente. Estoume a referir á posta en marcha de cooperativas ou empresas de economía social. Por exemplo, hai monte con madeira que podería ser transformada en multitude de produtos con valor engadido de mercado. Sería unha fonte de emprego. Sen embargo aquí apostouse por poñer no tren do hospital de Ceilán 40 millóns de pesetas dos anos 90, e alá foron. Pero ollo, eu sempre tiven unha visión máis comarcal destas cousas e para min non é esencial que Outes teña un polígono industrial. O que non pode ser é que cada concello teña o seu. Iso pode ser un despilfarro. Nunha grande cidade, son moitos os traballadores e traballadoras que se erguen ás seis da mañá para chegar ao seu posto ás oito. Desde esta perspectiva fixéronse as cousas mal. Ou mellor, non se fixeron, pero non só en Outes.

Mancomunidade... a solución final fronte ao derroche?

Mira ti, veño de contestarche algo na pregunta anterior. Pero acordámonos de Santa bárbara cando trona. Debo recordar aquí que historicamente o nacionalismo sempre tivo esta visión. O empecinamento en facer clientelismo e políticas para a galería sen sentido común, impide o desenvolvemento integral e auténtico do que pode dar de si unha comarca. É unha pena que non se abordara antes esta cuestión.

Activismo social e político

Podes relatarnos o transcurso das túas actividades socio-políticas?

Os meus comezos foron na recuperación das festas do Santiaguiño con outros amigos e amigas. Ata levabamos os gaiteiros polas aldeas e todo. Eran os comezos dos oitenta. Logo de rematar o COU no IES Virxe do Mar en Noia tomei contacto en Compostela cos círculos nacionalistas da Universidade. Recoñezo en min as influencias fundamentalmente de Marx e Castelao, e admiro a calidade das persoas como Xosé Agrelo. Afilieime á Mesa pola Normalización Lingüística en 1988 e á Intersindical Nacional de Traballadores Galegos (INTG) -hoxe CIG- ao ano seguinte, central sindical coa que colaborei sendo aínda estudante. Pasábao moi ben nos piquetes. Ao rematar os estudos, traballei como axudante de cociña, pero só un día, porque me explotaban; logo de entrevistador estatístico e de fotocopista. Nese ano de 1989 ingreso no Bloque Nacionalista Galego (BNG) e tomei a decisión de organizar o nacionalismo en Outes, poñéndome en contacto con nacionalistas non organizados (Xoán Mariño, Paco Quintela, Domingos Insua, Américo, Fernando da Poza, Elixio, etc.). Dentro do BNG milito na Unión do Povo Galego (UPG) desde 1992. En 1993 continúo a miña colaboración no sindicalismo na CIG. Fun elixido membro da Corporación Municipal de Outes na candidatura nacionalista que se presentou por primeira vez no 1991. Renunciei seis anos despois ao cargo de concelleiro para implicarme máis activamente no sindicalismo nacionalista. Desde 1998 son Secretario da Confederación Intersindical Galega (CIG) en Barbanza.

Para rematar: son dos que penso que Galiza non deixará de loitar pola súa liberdade até que a conquira.

Unha Utopía

De novo ante un papel en branco, e co mesmo dilema de cada tres meses dende xa hai catro anos que vimos apuntando cousiñas que a nós (Lusco e Fusco) nos chaman a atención e cremos que son susceptibles de reseñar polo interese colectivo da comunidade.

Parece ser, dada a queixa estendida no concello, que, mires onde mires, a xente anda un pouco cabreada a razón do paso a cobro dun recibo do saneamento por parte da institución, pois parece ser que se enviaron a todas as casas, moitas delas carentes de tal servizo, e así mesmo cobrado sen máis. E claro, despois disto a xente ten razóns de sobra para estar cabreada, pois pagar por algo que aínda non tes, non é de "recibo"...

Custa bastante entender esta aptitude recaudatoria por parte do Concello, pois terán un listín das rúas, lugares e casas que están con ese servizo e que deben aboar; e en dita listaxe non deberían estar as que non o teñen, para quedaren excluídas de tal pago. Non pode ser tan complicado, que non estamos na Coruña, ou nun concello de moitos miles de habitantes, pois imos a menos.

Un inconveniente aparece en escena cando un afectado sen servizo intenta reclamar esas cantidades aínda que "pequenas", mareando con papeleo e burocracia, iso si; se es un mozo aínda espabilas pero se se trata de persoas de idade, que non dispoñen de tempo, medios, etc. eses euriños tan necesarios... que pasa con eles? Dá a impresión de que cando se fan as cousas non se pensa moito nas consecuencias en persoas maiores, que están enfermas, cos cartiños da pensión máis que xustos, e parece que todo é co afán de empeorar a xa calamitosa e cada vez máis efémera e renqueante "calidade de vida".

Por outro lado, parece ser que o Concello instou aos cidadáns posuidores de vehículos a que domicilien o pagamento do correspondente imposto, para así axilizar o mesmo e non caer en recargos absurdos e con ánimo de lucro. Pois non hai un peso... Que llo cobren a Bankia, Ratimoles e Aurelios incluídos!!

Acabará sendo unha utopía. E mentres tanto...

Lusco e Fusco

ASÍ SI

Cando veremos uns "lavapés" na praia de Broña?... para o verán, se pode ser, pois no inverno!!...

ASÍ NON

Toda unha penuria coa señalización neste concello... Onde imos por aquí?...

ASÍ TAMPOUCO

Esta mole de plástico algunha vez deu a benvida... Todo un augurio na esperanza futura.

D. Manuel Esperante: o médico dos pobres.

Deolinda Gómez Molinos

Hai tempo que ronda pola miña cabeza escribir algo sobre a figura dunha persoa que, coma min, lle quería moito á vila. Para os dunha idade, falar de D. Manuel non lle causa descoñecemento, e se se di D. Manuel Esperante, non xorden dúbidas.

Outense de nacemento, en Brión de Abaixo, fixo a carreira de médico e casou con Carmen Molinos, irmá de meu avó Silvino. O feito de que hoxe me poña a escribir sobre el débese ao grandísimo cariño que eu lle tiña e podo dicir tamén que el sentía o mesmo por min.

Desde nena, miña nai ensinoume a quererlle á familia, e estes tíos eran para todos algo máis ca tíos, pois conviviuse moito con eles.

Podería dicir que era unha persoa amable, moi cariñosa e especial. Lembro cando nos preparaba, ensinándonos no garaxe, para despois facer teatro no antigo cine de Feluca. O tío Manuel tiña a súa consulta na casa que está enfronte ao antigo Café de Moncho, propiedade dos Raimúndez; alí recibía os enfermos, que estaban a agardar no corredor nun banco alongado de madeira. Un día, cando chegaba de visitar un enfermo dunha aldea, veu, á porta da súa casa, unha persoa coa súa bicicleta desfeita, o pantalón todo rachado e os cóbados ensanguentados. A persoa que estaba deste xeito, era un "señorito" que falaba castelán, tiña a menos falar galego, porque, daquela, iso era menos bo. Cando meu tío se achegou e fixo as preguntas de rigor (que pasara, como fixera aquilo), a resposta que lle deu o outro foi a que segue:

"D. Manuel, no sé como fó. Yo iba caminando alejemente en la bicicleta, cuando de pronto, metí el pié por el estribijo de la misma, me di un cotolón en la canela y estoy asubiando dela".

Ante tal contestación, o tío Manuel non puido máis que aguantar a risa e como puido fíxoo pasar e púxose mans á obra. Non é un conto de ciencia-ficción, é realidade, e así mo contou meu tío, unha vez no banco da farmacia, onde se sentaba ao meu lado e a min encantábame escoitalo. Era bo e moi ocorrente. Recordo cando me dicía que, estas cousas, lle gustaría que eu as contase algún día. Aproveitando que *Terra de Outes* me dá esta oportunidade, non o pensei máis e como unha pequena homenaxe a un home bo dedícolle estas liñas.

Era coñecido como o médico dos pobres. Dicíame que moitas veces cando ía visitar xente ás aldeas máis agachadas facíao nun cabalo e en máis dunha ocasión deixáballe no peto da familia visitada uns céntimos de patacón. Empregaba a miúdo o termo "mujeriña", e isto fai que lembre outro relato.

Certo día, foi visitalo unha señoriña; contoulle que andaba mal da barriga. Despois de observala chegou á conclusión seguinte: "Mira, vouche recetar uns papeletos (selos que se preparaban na farmacia, co po medicinal dentro). Vas á botica e que che preparen isto. O próximo día de feira vés dicirme como che foron". "De acordo, D. Manuel". Pasou o tempo, a señoriña non volveu, o tío non se lembrou e así foron pasando os días, ata que no próximo feirón, e por cousas do destino, se atoparon os dous: "Mulleriña, mulleriña, como non viñeches dicirme como te encontrabas. Bueno, mal non che foron, pois encóntroche moi ben". "Don Manuel, dígolle algo para cando se teño que volver o teña en conta. Bos foron como unha xesta, pero malos de tomar…, o po aínda ía pero o papel…, auga vai, auga vai, pero non baixaba".

Así era o tío Manuel, moi namorado de Carmen, o seu gran amor. Xa cando no último da súa vida viña á casa en xullo, polas festas do Apóstolo Santiago, vin un ser namorado, pendente da súa muller e sempre piropeándoa cando viña do salón de peiteado; e como a miraba!

Tamén lembro cando miña tía morreu, as palabras que me dixo: "Deolinda, sobriñiña, todo terminou". "Non todo, tío, ti es grande e tes moita xente que te quere e admiramos. O que fixeches ti non morre cos anos". O Concello de Outes no seu día recoñeceu o labor dun outense e púxoselle o seu nome a unha rúa. A verdade, como a vila non ten grandes personaxes, paréceme que o recoñecemento a un paisano, pase o tempo que pase, é bonito e gratificante. Añón e Esperante. O tempo dará tempo ao tempo e cando non o vexamos, outros outenses virán e alguén saberá poñer os seus nomes onde merecen, nunha placa ou, por que non, nunha rúa.

Depuradora de Mariscos
RAMAIS
Fco. Rama Vázquez
O Freixo - OUTES
Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Rutas e camiños alternativos: Do Freixo a Fisterra (60 Km.)

Artigo adicado a Juan Américo, que por motivos persoais non puido acompañarnos

O pasado 9 de xuño, día invernal de *librillo*, os catro xinetes da apocalipse: Manu, Lolo, Pelucas e o que escribe, emprendemos saída ao noso destino máis inmediado dese día ás 6:00 da mañá, cando aínda o ceo non nos facía pensar na que nos viría enriba nas seguintes 14 horas de roteiro. A primeira das cruzadas foi o ascenso dende o Freixo, Outón e cara ás Paxareiras, nome a esas horas de pouca confianza, pois entre o bochorno e a espesa natureza, sumándolle o desnivel do terreo, case quedamos sen alento nos pulmóns aínda medio sonámbulos. Foi a primeira gran suada da xornada. Ás 8:00 empezou a chover e, xunto coa néboa, non parou ata chegar á meta. Chuvia e chuvia e máis chuvia, vento e máis vento polos montes ateigados de viraventos que poñen a un mal dos nervios simplemente co bufido que pegan en cada volta de aspa. Arredor das 9:00 un cafeíño nun bar medio perdido na nada con foto incluída nas inmediacións das Paxareiras, e tras uns breves estiramentos puxemos rumbo a Carnota. A medida que seguiamos fomos deixando á nosa marxe dereita Recarea, Gosende… e no alto de Adraño entrounos un pequeno dilema de situación, resolta tras unhas pequenas voltas, dada a pouca visibilidade existente.

Seguimos os pasos cara Reboreda, onde un señor moi amable nos ofreceu unhas cervezas e de paso repostamos enerxías cun tentempé de mochila a carón dun pequeno garaxe, pois a chuvia non cesaba. Collemos por Fieiro, cruzamos o Río Xallas polo embalse do Ézaro, e enfiamos San Crimenzo, Covas e Xestosa; aproveitamos para comer nunha marquesina de bus e fomos polo segundo café nun bar que había enfronte.

O próximo punto era a ermida das Neves, coa intención de deixar constancia do noso paso por alí no libro de rexistro do camiñante, como xa fixeramos no 2008. Coincidimos cun peregrino checo que facía o camiño por cuarta vez. E nós xa nos metiamos de cheo no tramo do Camiño de Fistera. Andando. andando, demos coa ermida de San Pedro Mártir, estabamos na zona do alto da Cheda, onde repuxemos líquidos da súa fonte.

Pasamos por Lobelos de Arriba, lugar de Xallas, San Antonio (que estaba en festas), encarando a última etapa pola vía de servizo "tobogán infernal", paralela á nova vía rápida, deixando a entrada de Sardiñeira, e volvendo retomar o camiño xacobeo. Máis tarde collemos a estrada xeral e en breve tomamos o desvío na parte esquerda, antes de Calcoba, para así enfrontarnos doentes de corpo e espírito co paseo marítimo da praia de Langosteira, levándonos na súa conclusión ao mesmísimo Cristo de Fisterra, punto e final deste episodio ruteiro.

Xastre

Paso pola hermida das Neves en Dumbría

Diante do Cristo de Fisterra

A esperanza francesa

Kiko Vidal

Na derradeira revista que publicou Terra de Outes, o estimado consello de redacción tivo conmigo a deferencia de incluírme un artigo que falaba de que a economía non era unha ciencia exacta, o cal podería conlevar que as decisións en materia económica postas en marcha polos nosos (ou non tan nosos) gobernantes, non tivesen o resultado esperado, tal e como podemos estar apreciando. Pese a reforma laboral, a restritiva política fiscal, e as fusións bancarias, todo está indo de mal en peor: o paro non mingua, a prima de risco non baixa e dos bancos mellor non falar.

En canto aos bancos, non quero falar de BANKIA, pois non chegarían tódalas páxinas da revista, soamente quero comentar outra recente noticia que, seguro, para moitos pasou desapercibida. O Banco Santander ofrecíalles aos seus accionistas a posibilidade de cobrar os dividendos a pagar no mes de maio en efectivo ou en novas accións; pois ben, á familia Botín (da que forma parte o presidente de dito banco, un señor que anda con tirantes vermellos e que se acostuma ver moito nas carreiras de F1 por patrocinar un dos equipos que corren nese mal chamado deporte do motor) correspondéronlle máis de 17 millóns de euros de ditos dividendos, e cobrou a maioría en efectivo, co cal temos que interpretar que non lle interesan as novas acccións do banco que está rexentando. Que cadaquén saque as súas conclusións.

Cambiando de tema, pois hoxe toca Francia, teño que dicir que cando estou escribindo estas liñas veñen de coñecerse os resultados das eleccións presidenciais francesas, nas que resultou elixido, por unha estreita marxe de votos, o candidato socialista, chamado HOLLANDE, que derrotou a SARKOSY, o anterior presidente.

O milhomes de Sarkosy é unha persoa que poderá pasar á historia como o marido da "Bruni" e o amigo da Merkel. Pero si é certo que, nestes intres, o presidente da República Francesa, sendo como é a segunda potencia económica europea tras Alemaña, ten un peso importante nas decisións económicas que adopte Europa. Nos últimos anos, todos acabamos bailando ao son económico que marcaba a orquestra Merkel-Sarkosy (posiblemente sempre máis cargado de bombo pola parte da Merkel). Estes dous estadistas, están levando a cabo unha política económica guiada polo concepto da "austeridade fiscal", o que se traduce nunhas decisións económicas, por parte dos estados membros da Unión Europea, de marcado tinte restritivo. A súa idea é que soamente conseguindo o equilibrio orzamentario -non gastar máis do que se ingresa-, será posible iniciar unha senda de crecemento económico ordenado. Non sei cal será (ou sería) o derradeiro resultado desta idea económica; é máis, podo asegurar que non o sabe ninguén, pero o que si é certo é que está sementando de "cadáveres" o camiño. Por agora, son se deixa ver ningún "brote verde" dos que soñaba aquela vicepresidenta con pinta de espantallo que formou parte do goberno Zapatero.

Hollande, como teórico socialista que é, parece ter unha ideoloxía económica distinta da de Sarkosy e Merkel. De feito, di que a súa misión é o crecemento e o emprego na UE. Se é capaz de convencer a Merkel de mudar a política económica, apostando por unha estratexia máis expansiva, aparcando, ou polo menos suavizando, o ansiado equilibrio orzamentario, pode producirse un cambio económico importante. De aí que Hollande é para moitos a ESPERANZA FRANCESA. Non deixa de ser curioso que, sabendo o que significa un "francés", toda a nosa esperanza de saír da recesión pase polo presidente da república dun país que tivo un rei que se chamaba a si mesmo "Rei Sol"; e onde, non hai moitos anos, se dedicaban a queimar os camións españois

que levaban froita e verduras para Europa; e, hai moi pouco, ridiculizaron con acusacións de dopaxe a toda a elite deportista patria.Tampouco me deixa de sorprender que axentes económicos españois, votantes acérrimos (e moi recentes) do PP, incluso ministros do actual goberno e moi posiblemente tamén o Sr. RAJOY, estean agora entusiasmados coa idea de que un goberno gabacho nos veña quitar as castañas do lume.

Oxalá o consiga, e a ESPERANZA FRANCESA sexa unha realidade. De ser así, eu non tería problema en entoar, con gran estusiasmo, o himno nacional francés, a famosa "Marsellesa". Noutro caso, será Hollande quen teña que encartar o rabo, entoando a famosa frase do cazaelefantes : "Lo siento, me he equivocado y no volverá a ocurrir".

Maio, 2012

OUTES Fútbol Club. Crónica dun ascenso anunciado

Directiva do OUTES F.C.

Logo de dúas tempadas situados nos postos nobres da terceira autonómica, o paso era case obrigado. O Outes F. C. afrontou, nesta súa terceira comparecencia dende a súa refundación, o reto de intentar ascender á segunda autonómica.

Seguindo as liñas mestras debuxadas nestes anos (xogadores "da casa", continuidade do corpo técnico, un bo trato do balón e defensa a ultranza dos valores inherentes ó deporte), confeccionouse un plantel de xogadores capaces de lograr o obxectivo e ó mesmo tempo recibir afagos tanto polos resultados acadados coma polo bo fútbol despregado, sen esquecer o respecto ós adversarios, colectivo arbitral e seareiros. Así o recollen diferentes publicacións en medios do prestixio de *La Voz de Galicia*, *DxT Campeón* ou *TV 27*. O ascenso logrouse a falta de tres xornadas para o remate da liga, pero a pelexa por ser campións durou ata o final, cun impresionante Carnota que ó final se proclamou Campión de Liga.

Logro importante para o club, este do ascenso, que vén refrendado a nivel directivo co nomeamento á MELLOR DIRECTIVA DO ANO por parte da Asociación de Clubs da Liga da Costa.

Pero o Outes F.C. non só é o equipo de Terceira Autonómica. O Club está perfectamente estruturado e conta con máis dun cento de nenos e mozos de Outes distribuídos en oito categorías:

- En colaboración co Concello, as categorías Pitufo, Prebenxamín, Benxamín e Alevín abranguen nenos de idades entre os 4 e os 12 anos.
- E xa de forma autónoma, o club xestiona directamente as categorías Infantil, Cadete, Xuvenil e Afeccionado.

Corrían os inicios do 2009 cando a refundación do OUTES F. C. se comezaba a fraguar. Vendo o conseguido nestes tres anos, que podemos dicir se non é que estamos orgullosos do conseguido e desexando poder darlle continuidade.

A directiva do Outes Fútbol Club, co seu presidente Enrique Fornís á cabeza, quere agradecer a colaboración de institucións, casas colaboradoras, socios e simpatizantes que fan posible este importantísimo labor.

A outra xente de Outes

Paz González, unha máis dos millóns de habitantes de Outes.

En realidade, encomendáronme escribir unha crónica da miña última viaxe, pero como resultou que dos tres días que durou pasei dous na cama –sufrindo máis pola envexa que me producía oír a festa que se estaba montando que pola febre–, decidín que quizais era hora de aparcar a preguiza e dar forma a unha idea na que xa levaba matinando algún tempo: unha sección adicada á natureza. O título, "A outra xente de Outes", é unha homenaxe a Dersu Uzala, o cazador da taiga siberiana protagonista dunha preciosa película do director xaponés Akira Kurosawa que vin hai moitos anos e que deixou en min unha profunda pegada. Dersu Uzala, que vive en perfecta harmonía coa natureza porque a coñece e a respecta, reprende o outro protagonista, un militar ruso que atopa perdido e que salva dunha morte segura, por tirar no lume un anaco de carne, xa que hai "moita xente" que a pode comer. Evidentemente esa outra xente non é humana. Que esa "xente" siga existindo é unha necesidade para nós e de nós depende. A biodiversidade, nome que a comunidade científica lle dá á variedade de organismos que hai no planeta, é un ben de seu e dela depende a nosa supervivencia. Dela obtemos alimento, medicamentos e materia prima para construír moito do que precisamos, ou simplemente desexamos, e pracer, se ben é verdade que disto cada vez menos. Pretendo sacar a esa "xente" do anonimato, porque a falta de visibilidade pode condenar á inexistencia, o maior dos desprezos. Non é necesario pensar en seres microscópicos invisibles para decatármonos do que isto significa, basta con botar un ollo á historia da metade da humanidade: as mulleres fomos silenciadas durante séculos e, como consecuencia, aínda hoxe sufrimos as máis variadas formas de violencia. Ter nome e presenza na historia é fundamental para que se nos respecte, por iso as mulleres levamos moito tempo loitando, primeiro porque se nos permitise acceder a postos reservados para os homes e despois porque se soubese que os ocupabamos. E seguiremos loitando para que se nos chame médicas, xuízas ou membras do consello de dirección, mal que lles pese a eses académicos da lingua puristas que tanto se escandalizan por unha suposta incorrección gramatical. Por certo, este xenérico inclúe ás escasas académicas (5 mulleres fronte a 41 homes na actualidade, 10 fronte a case 1.000 nos seus 300 anos de historia) que forman parte da RAE? Na miña opinión, a corrección lingüística non pode estar por enriba dos dereitos das mulleres e, en todo caso, cre alguén que as mulleres abandonaremos a nosa loita porque os académicos nos acusen de expresarnos incorrectamente? A introdución deste paralelismo entre a vida das mulleres e a desa "outra xente" non se debe só á indignación que me produciu o recente informe da RAE a propósito do uso dunha linguaxe non sexista, senón a que creo que serve para ilustrar que o noso descoñecemento do contorno natural é unha das causas da súa degradación (non a principal, que é fundamentalmente o tipo de economía que rexe as nosas vidas, do mesmo xeito que o uso dunha linguaxe sexista non a é da nosa discriminación). Se non coñecemos o que nos arrodea, non podemos amalo e se non o amamos non podemos sentir a necesidade de conservalo. No pasado, a "outra xente" tiña nome, hoxe non. Se non tes nome, non existes. Se xa non existes para ninguén, que máis ten que desaparezas definitivamente?, quen vai ter soidades de ti? É, pois, o meu propósito devolverlle o nome a eses habitantes, para que recobren a vida que lles quitamos, pero, sobre todo, para que nós recobremos o amor por eles e o pracer de desfrutar da súa presenza e a súa compaña. E para comezar, escollín o **merlo rieiro** (*Cinclus cinclus*), un paxaro duns 18 cm que vive en ríos pouco profundos e con fondo formado por cantos. A miña escolla débese á alegría que sentín ao velo por primeira vez no río Tins, primeiro porque non é doado velo –aínda que desde entón xa o vin unha morea de veces, tamén no río de Roo–, pero sobre todo porque é un indicador de augas limpas. En ecoloxía, úsanse certas especies como indicadoras de contaminación, denomínanse bioindicadores e adoitan ser organismos sensibles á contaminación, polo que da súa presenza ou ausencia podemos deducir o estado de saúde do medio. En concreto, o merlo rieiro é moi sensible á contaminación das augas (pois precisa augas moi osixenadas) e a outras intervencións humanas como canles ou encoros. Por isto, está recollido no Catálogo Nacional de Especia Ameazadas como de Interese Especial. É unha ave inconfundible, castaña, coa gorxa e o peito brancos, unha forma moi parecida ao carrizo (*Troglodytes troglodytes*) pero moito máis grande e robusto e, como este, adoita levantar o rabo cando está pousado nas pedras. Ten un comportamento curioso, pois pode camiñar contracorrente por debaixo da auga na procura das larvas de insectos e outros invertebrados que lle serven de alimento; ademais mergúllase movendo as ás, como se voara, e voa a rente da auga. A foto tomeina no río Tins. A calidade é baixa porque nin teño coñecementos suficientes de fotografía nin o equipo axeitado, pero podedes mirar outras fotos nas guías de aves ou na rede. Espero que vós tamén poidades gozar da súa presenza se vos achegades a calquera dos moitos ríos cos que temos a sorte de contar. Iso si, sempre tratando de non molestalo, non vaia decidir que o noso concello non é o suficientemente hospitalario. Para rematar, pido que se coñecedes algún outro nome deste paxaro, ou de calquera outra das especies que vaia describindo, nolo comuniquedes. Eu coñézoos basicamente dos libros porque me criei nunha cidade, nas que a "outra xente" aínda é máis invisible.

A poesía de Añón ao servizo da caridade

Ramón Blanco

Os Xogos Florais da Coruña de 1861 (falabamos deles no número 16 desta revista), nos que o poema "A Galicia" de Añón saíra premiado (o único en lingua galega), tiveron como secuela, en 1862, a publicación do *Álbum de la Caridad.* Celebramos pois hogano os cento cincuenta anos destoutra importante efeméride, que coincide felizmente co bicentenario do noso querido poeta.

A edición deste libro, cuxo título completo é: *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, foi sufragada por José Pascual López Cortón e organizada por Antonio María de la Iglesia (ambos os dous con idénticas responsabilidades ás que acometeran o ano anterior nos Xogos).

ALBUM DE LA CARIDAD.

JUEGOS FLORALES DE LA CORUÑA

DE UN MOSAICO POÉTICO

CORUÑA.

Ademais de recoller as poesías premiadas no certame -o que garantía que este non caese no esquezo- era unha completa antoloxía da arte poética galega da época e a primeira do Rexurdimento (o que é o mesmo ca dicir a primeira da historia da nosa literatura, xa que os cancioneiros que deron a coñecer a poesía medieval foron concibidos cun criterio de recompilación e non de selección); entendendo por poesía galega -faremos desta vez unha excepción- non a que se escribía en galego, senón a escrita por poetas de Galiza. Tamén se incluían os diversos discursos que se fixeran con motivo dos Xogos Florais (lémbrese a memoria que lera Francisco de la Iglesia, na que usou o castelán como lingua vehicular na defensa afervoada do uso do galego, "fala na que o rei don Afonso o Sabio compuxo as súas *Cantigas*, Añón os seus *Recordos da Infancia*") e recolle algúns textos anteriores a esta época. Do de Boel publícanse, ademais das dúas que presentara a concurso ("Juegos Florales" e "A Galicia"): "Recordos da Infancia", "O Magosto" e, en castelán, "El Borracho y el eco"; quizais os cinco únicos poemas de Añón editados en vida en formato libro.

A publicación consta de cento noventa e tres composicións de cen autores e autoras -menciónanse setenta e catro máis, pero non aparecen textos seus-, entre as que xa figuran Rosalía de Castro -un ano despois publica o fundacional *Cantares Gallegos*- e Eduardo Pondal. Deses cento noventa e tres poemas hai noventa e sete en galego, da autoría de corenta poetas.

Realmente o valor desta antoloxía é cuantitativo, pola considerábel presenza da poesía en galego, xa que cualitativamente é moi frouxa, ao tratarse dunha selección pouco rigorosa e nada sistemática.

Pasarán vinte anos para que apareza a primeira escolma de poesía moderna escrita exclusivamente en galego -moi modesta e coa ausencia de Rosalía de Castro, por vontade expresa da propia autora-, organizada por Francisco Portela Pérez: *Coleución de poesías gallegas d´algúns autores* (Pontevedra, 1882). O propio Antonio de la Iglesia, nos tres tomos de *El Idioma gallego, su antigüedad y vida* (A Coruña, 1886), elabora unha antoloxía poética só galega onde recolle todas as épocas documentadas da nosa literatura.

As vendas do álbum, que fora realizado na imprenta do Hospicio Provincial, usaríanse en ben do asilo de mendicidade da Coruña, por mediación da Asociación de Beneficencia presidida pola condesa Juana de Vega, quen vira nos Xogos Florais unha gran oportunidade para favorecer os desfavorecidos da cidade. Poucas veces se fixo tanta xustiza poética.

FEDERÓPTICOS LARRONDO

PORTA DA VILA, Nº 13
NOIA
TLF. 981 822 452

AVD. DE COMPOSTELA, 13
OUTES
TLF. 981 850 953

www.federopticoslarrondo.com
larrondo@federopticos.com

GRADUACIÓN DE SU VISTA
CONTROL DE LA MIOPÍA
LENTES DE CONTACTO
AUDÍFONOS PARA SORDOS
CERTIFICACIÓN AENOR DE CALIDAD DE SERVICIO